



Revista do CPI do Feal de Narón

2008 Nº 5

Como pasan o tempo os rapaces do Feal?

A Biblioteca de Primaria pirateada!

Os rallyes na comarca

Ven con nós a Londres e París!

Como se fai un xornal?

Concurso Coca-Cola

Sentade todos! Xa está todo preparado e a mesa posta!

Escollede a vosa bebida e dispoñédevos a gozar dos pratos que vos cociñamos com agarimo para esta ocasión.


Como en calquera xantar de festa, hai moito onde elixir: algúns gustarán máis dos doces, outros dos entrantes,... haberá quen prefira a culler e quen só queira comer de garfo e coitelo... o mesmo ten! Non é necesario que limpedes o prato, podedes deixar algo. E ademais, está todo pensado para compartilo:

coa familia, cos amigos ou cos veciños.

O importante é que neste novo número - xa chegamos ao 5! - atopedes algo do voso gusto, e que ademais volvades máis adiante a abrir estas páxinas para probar algo que deixarades antes sen ler.

É para vós, para que vos sirva de lembranza deste outro ano no Feal.

María Anca



DESEÑO E MAQUETACIÓN: Sonia Álvarez.

DEBUXO DA PORTADA: Daniela Calderón.

Grazas a axuda de Ángel Carrera e dos rapaces e rapazas do Obradoiro de Prensa, a todos os que colaboraron nos contidos da revista e o noso agradecemento tamén a María Yáñez, que con diferentes equipos foi o fio conductor de A Tribo durante os seus cinco anos de vida e agora deixa o noso centro. Estrañáremoste moito María, trataremos de seguir impulsando este valioso proxecto.



sumario

Entrevista a Gelen...	4
A nosa web cumpre un ano...	5
Rihanna, a nova Madonna...	6
A primavera chegou...	7
Este curso...	8
Cómic...	10
Concurso Coca-Cola...	11
Criaturas ancestrales...	12
La torre del olvido...	13
Día do libro...	14
Os rallyes na comarca...	16
As nosas mascotas...	17
How well do you take care of your horse?...	18
Vive en defensa do monte galego...	20
AquaCiencia...	22
A Casa das Ciencias...	23
Aldea Nova...	24
Postais...	25
London...	26
Paris...	28
Sorolla e os seus contemporáneos...	30
Visita a La Voz de Galicia...	32
Visita a Inditex...	33
Os xornais en galego...	34
Amigas por sempre...	36
Enquisas...	38
Así vemos o PROA...	40
Carteleira: Bee Movie...	41
Pasatempos...	42
A bit of London...	44
Á abordaxe!!...	45
A Biblioteca de Primaria pirateada...	46
Amor Tolo...	48
Rematan Primaria...	50
Rematan a ESO...	51
Testamento 2008...	52
Os que se van...	53
Autorretratos...	54
Daniel: o axudante de comercio...	55

Entrevista a Gelen Concursante de **Cifras e Letras**

Hai unhas semanas, o 11 de xaneiro, a nosa profesora de tecnoloxía, Gelen, acudiu ao programa Cifras e Letras, na TVG. Con motivo desta aparición, nós, os alumnos de 3º de diversificación quixemos facerlle unhas preguntas:

- Como se che ocorreu ir ao programa "CIFRAS E LETRAS" ?

A idea foi do meu irmán Rafa, que escribiu para ir el ao casting. Cando o chamaron era o mes de xullo e eu estaba en Santiago nun tribunal de oposición. A meu irmán díxéronlle que podía ir acompañado de xente maior de dezaoitos anos. Entón fun con el, e levei comigo a todos os membros do tribunal

- Como te seleccionaron?

O casting consistía en facer dez probas. Tamén había que contar unha anécdota simpática e dar os datos persoais.

- Preparácheste para ir ao programa?

Na miña familia xa se vía este programa dende hai moitos anos, cando aínda era na tve e o presentaba Elisenda Roca, por iso temos toda certa práctica xogando. O que si preparei un pouco foi a tabla do 25 e do 75.

- Acompañoute alguén ?

Si, a rodar o programa acompañoume Ángel (profesor deste centro) e a súa muller, que quedaron nunha sala para os acompañantes e viron o programa en circuíto pechado.

- Canto durou a gravación ?

En total 2 horas. Hai que estar con antelación por se falla algún participante. Mentras gravan o programa anterior peitánte e maquillante.

- Por que estabas nerviosa?

Nerviosa non estaba, pero algo máis do que esperaba si, e paréceme curioso porque había moita confianza e non te sentes intimidada polas cámaras.

- Que tal o pasaches?

Paseino ben.

- Repetirías a experiencia? Por que?

Se puidese si, porque o pasei moi ben e creo que para outra vez non

me poñería tan nerviosa e estou pensando en escribir para o casting de Madrid.

- Caeu che ben o teu rival?

Si, moi ben, aínda que non tiven moito trato con el.

- Como te trataron na televisión?

Moi ben, todos son moi correctos aínda que especialmente agradables Paco Lodeiro e Jorge Mira.

- Puides coñecer aos presentadores?

Paco Lodeiro é colega , profesor de Informática nun instituto de Caranza e a Jorge Mira díxenlle que tiña moitos admiradores pola zona e el contestoume que tamén tiña moitos detractores.

- Repetistes a gravación?

Non, só unha resposta de cifras.

- Pareceuche mal cando perdistes?

Non me pareceu mal, só que me gustaría sacar máis puntos aínda que perdera. Indo participar estaba moi contenta.

- Fúcheste enfadada?

Non, para nada, ao contrario.

- Cando rematou o programa que fixestes?

Fomos a Santiago a pasear e a xantar aproveitando para comentar as incidencias do programa.

- Por que falabas en galego e en castelán?

O programa está pensado para falar en galego, a miña intención era falar todo en galego; pero ao non facelo habitualmente síntome moi limitada.

- Ías maquillada?

Non, da casa non. Maquilláronme alí e fano moi ben e no "duelo" pararon para retocar.

- Queres engadir algo sobre a túa experiencia?

Si, foi unha experiencia moi bonita, aprendín moito e quero dicir que me gustou compartila con todos os meus alumnos e os meus compañeiros , e a pesar do mal resultado penso que "o importante é participar".



A nosa web cumpre un ano!

<http://centros.edu.xunta.es/cpidofeal>

A irmá pequena de A Tribo naceu o 29 de maio de 2007, despois de que o centro solicitara á Consellería a utilización dun sistema de páxinas web chamado Drupal. No parto estaban o asesor da Consellería (Ramón Gil), Mercedes, Gloria e o que escribe. Aquel día estábamos moi ilusionados porque o sistema parecía sinxelo, pero co tempo atopáramos bastantes dificultades. Aínda que o sistema ten centos de opcións, é frecuente que non teñamos forma de presentar a páxina como queremos e tampouco faltan os accidentes por erros nosos: nunha ocasión, estivemos dous días sen poder facer cambios na web porque desapareceu o cadro onde se escribe o contrasinal, foi como perder as chaves da casa! (por sorte na Consellería tiñan outra entrada de emerxencia, pero sufrimos durante unhas horas).

Na primeira portada, aparecía unha foto aérea do Feal e pouco máis, pero en poucos días xa tiñamos unha cantidade decente de información. Un dos primeiros servizos da web foi precisamente a posibilidade de descargar tódolos números publicados da revista escolar e desde entón a web sempre estivo moi pendente de **A Tribo**. Son dous proxectos diferentes pero complementarios, en Internet xogamos coa vantaxe de que podemos actualizar os contidos en calquera momento e de feito coidamos que estamos mantendo o espazo moi vivo.

Un problemíña que temos é o noso enderezo. Sería moi bonito que fora por exemplo www.cpidofeal.es, pero non pode ser: a Consellería deunos o interminable enderezo centros.edu.xunta.es/cpidofeal (e iso que non leva www). Afortunadamente, aos seis meses do nacemento da web, Google xa nos atopaba e agora facendo unha busca con "cpi feal" xa soemos aparecer de primeiros.

Un dos momentos históricos deste primeiro ano, foi cando Internet chegou por fin á nosa **Escola de Infantil de Freixeiro** o 19 de decembro de 2007, loxicamente a nosa web foi a primeira en verse alí. Pouco despois, as visitas aumentaron bruscamente e ademais xa non volveron a baixar: cando colgamos o vídeo de Gelen en **Cifras e Letras** (que por certo foi o primeiro vídeo publicado). Así que grazas pola promoción gratuíta Gelen ;-)

E cá é o apartado máis visitado?, pois está claro que os alumnos entran sobre todo na *Galería* de fotos e en *Televisión*, mentres que os profesores tamén consultan bastante a lexislación ou os documentos organizativos do centro. Ademais, hai outro importante tipo de visitas: as da xente que non coñece o centro. Fainos moita ilusión cando profesores substitutos ou que veñen a dar unha charla felicítannos por algo tan sinxelo como o apartado *Cómo chegar*, ou cando pais que están dubidando se matricular aos seus fillos no Feal entran nas *Rutas de transporte* e nas *Instalacións* e entón mellora a súa opinión do centro.

Hai moitos máis pequenos servizos moi útiles como por exemplo os catálogos das bibliotecas e cada vez haberá máis. O que necesitamos agora é máis participación, tanto do alumnado como do profesorado. Sabiamos que necesitaríamos moitos meses ata que a xente comezara a tomarse un pouco en serio este proxecto e a verdade é que comezan a chegar as colaboracións, pero isto ten que ser un traballo máis colectivo para que non corra o risco do abandono. Non tedes máis que botar unha ollada á web de As Telleiras (non se actualiza desde 2005) e a tantas outras por toda Galicia.

Oxalá puidéramos contaxiar o noso cariño pola revista e a web a todo o centro. Longa vida ás dúas irmás!

Ángel Carrera



RIHANNA

A nova Madonna



O seu verdadeiro nome é Robyn Rihanna Fenty, naceu o 20 de febreiro de 1988 en St. Michaelen, na caribeña illa de Barbados.. Rihanna afirma que o seu soño sería ser a Madonna negra.

RIHANNA LYRICS "Umbrella"

[Jay-Z]

Ahuh Ahuh (Yea Rihanna)
Ahuh Ahuh (Good girl gone bad)
Ahuh Ahuh (Take three... Action)
Ahuh Ahuh

No clouds in my stones
Let it rain, I hydroplane in the bank
Coming down with the Dow Jones
When the clouds come we gone,
we Rocafella
We fly higher than weather
And G5's are better, You know me,
an anticipation, for precipitation.
Stacked chips for the rainy day
Jay, Rain Man is back with little Ms. Sunshine
Rihanna where you at?

[Rihanna]

You have my heart
And we'll never be worlds apart
May be in magazines
But you'll still be my star
Baby cause in the dark
You can't see shiny cars
And that's when you need me there
With you I'll always share
Because

[Chorus]

When the sun shines, we'll shine together
Told you I'll be here forever
Said I'll always be a friend
Took an oath I'ma stick it out till the end
Now that it's raining more than ever
Know that we'll still have each other
You can stand under my umbrella
You can stand under my umbrella
(Ella ella eh eh eh)
Under my umbrella
(Ella ella eh eh eh)
Under my umbrella
(Ella ella eh eh eh)
Under my umbrella
(Ella ella eh eh eh eh eh eh eh eh)

These fancy things, will never come in between
You're part of my entity, here for Infinity
When the war has took it's part
When the world has dealt it's cards

If the hand is hard, together we'll mend your heart
Because

[Chorus]

When the sun shines, we'll shine together
Told you I'll be here forever
Said I'll always be a friend
Took an oath I'ma stick it out till the end
Now that it's raining more than ever
Know that we'll still have each other
You can stand under my umbrella
You can stand under my umbrella
(Ella ella eh eh eh)
Under my umbrella
(Ella ella eh eh eh)
Under my umbrella
(Ella ella eh eh eh)
Under my umbrella
(Ella ella eh eh eh eh eh eh eh eh)

You can run into my arms
It's OK don't be alarmed
Come here to me
There's no distance in between our love
So go on and let the rain pour
I'll be all you need and more
Because

[Chorus]

When the sun shines, we'll shine together
Told you I'll be here forever
Said I'll always be a friend
Took an oath I'ma stick it out till the end
Now that it's raining more than ever
Know that we'll still have each other
You can stand under my umbrella
You can stand under my umbrella
(Ella ella eh eh eh)
Under my umbrella
(Ella ella eh eh eh)
Under my umbrella
(Ella ella eh eh eh)
Under my umbrella
(Ella ella eh eh eh eh eh eh eh eh)

It's raining
Ooh baby it's raining
Baby come here to me
Come here to me
It's raining
Oh baby it's raining



Andrea 1ºA



Sara 1ºB

m
o
d
a

A primavera foi vista tradicionalmente como a época máis romántica do ano, porque o amor inunda o ambiente. Tamén se di que cantas máis horas estas ao sol, estarás de mellor humor, con máis ganas de vivir.

Existen moitas formas de gozala: pasar o maior tempo posible cos amigos, comprar roupa nova... mellor vestidos curtos e alegres. Tamén é bo pasar de agobios, só traen problemas, e cambiar de look.

Trátase dun tempo de renovación. Non deixes de lado aos teus, aínda que fagas novos amigos.

O verán é máis caloroso, podes poñer modelíños máis frescos, sempre hai festas e hai que ir máis curtos, minichalecos, camisetas de flores alegres, zapatíños de cores ou con debuxos atrevidos, cuña, bolsos moi grandes e alegres...

Susana García 3ºA

Icons and text in the drawing include: FLORES, CARACOL, SOL, BOLBORETA, ARBORE, and A PRIMAVERA CHEGOU.

A vida no centro non se reduce ás aulas. De feito, case todos levamos as mellores lembranzas dos momentos que pasamos nas excursións, visitas ou actividades desenvolvidas ao longo do curso... Nestas páxinas tedes un resumo en imaxes de case todas esas xornadas. Hai actividades moi variadas: algunhas moi preto -no Feal ou no noso concello-, outras máis lonxe...

ESTE CURSO

1 SAÍDA A DEXO

Pode que este curso as viaxes a París e a Londres eclipsaran todas as demais saídas, pero non hai que chegar tan lonxe para atopar recunchos con encanto, como este que visitou o alumnado de 4º de ESO na descoñecida costa de Dexo (en Oleiros).



2 OBRADOIRO YVES SAINT LAURENT

O alumnado de 4º de ESO pasou un momento grato imitando aos grandes mestres da pintura e o deseño de moda.



3 QUEIMA DO BONECO

Choiva ou non choiva, no Entroido do Feal xa non pode faltar este belicoso remate. Nesta ocasión, tiñamos que darlle o seu merecido aos piratas invasores.



4 OBRADOIROS DE ENTROIDO

Os xa tradicionais obradoiros de Entroido saben a pouco, dúas horas ao ano non dan para nada!

5 INTERCENTROS

O Feal arrasou en Intercentros 2008 gañando unha morea de premios. O ano que vén teremos a responsabilidade de organizar este festival, pero sabemos que podemos contar co noso alumnado para seguir deixando en bo lugar o nome do centro.



8 CONTACONTOS

Na semana das Letras Galegas tivemos esta orixinal actuación con historias contadas por Tim Bowley e Charo Pita, simultaneadas en inglés e galego.



6 VISITA A LA VOZ DE GALICIA

Os alumnos do Obradoiro de Prensa puideron ver todos os entresixos da edición dun xornal.



7 VISITA A INDITEX

A visita á máis importante empresa galega do momento non defraudou a ninguén.

9 GRAFFITI

Manuel Golpe e Diego Lago déronlle máis cor se cabe ao Feal. Esperamos que aínda deixen a súa firma nalgún outro recuncho do centro.



10


MAGOSTO

Como ben sabedes, as funcións da nosa incombustible directora son moitas e moi variadas. E canto máis fai, máis lle piden!



Un traxecto accidentado...

Os de primeiro de ESO, fomos de visita a Londres.



Un dos días, estivemos no London Eye.



Pero había moita cola...




...e un neno traveso...

cómic



...Menos mal que estaba a súa nai...



Por fin subimos!



Dende aquí vese toda a cidade !!



Só nalgúns casos...



Cando chegamos ao hotel...



Seguiu a festa.

Aqueelas vistas eran increíbles!

TENNENN

Concurso



A Fundación Coca-Cola patrocina cada ano o desenvolvemento da expresión escrita e a lectura mediante un concurso literario. Vai dirixido a alumnos de 2º nivel da ESO, que non superen os 16 anos. O CPI do Feal participou un ano máis neste evento literario e tras unha serie de traballos de redacción, que os alumnos presentaron durante o segundo trimestre, quedaron clasificados como representantes do noso centro, os seguintes estudantes:

- Adrián Candales Taracido
- Jorge Luis Casal Cal
- Patricia López Mouriz
- Diego Vázquez Valerio
- Diego Ferreira Carballeira
- Laura Mosquera Pedre
- Alba Pérez Aldrey

A proba interescolar tivo lugar o pasado 5 de abril no colexio *Tirso de Molina* (Ferrol). Nela participaron máis de cen alumnos de toda a comarca. O 7 de maio recibimos a comunicación de que Adrián Candales (2º de ESO-A) e Diego Ferreira (2º de ESO-C), quedaron seleccionados entre os seis finalistas do Sector de Ferrol, e forman parte da lista de vintecatro gañadores da zona norte de Galicia. O venres 23 de maio tivo lugar, no restaurante El Bosque (Cambre), a gala na que se entregaron os premios. Adrián Candales recibiu o 6º premio do sector Ferrol, e Diego Ferreira, o 4º. O premio incluía: un reloxo, unha bolsa de deportes, unha funda para MP3, unha base de portos USB, así como un diploma e unha estatuíña acreditativas do seu éxito como redactores.

Creemos que ambos teñen excelentes dotes creativas e literarias e estamos moi orgullosos do seu traballo. Parabéns tanto a eles como ás súas familias e grazas por deixar en tan bo lugar o nome do CPI do Feal.



Para que vexades como escriben, recollemos unha pequena mostra do seu traballo

CRIATURAS ANCESTRALES

por Adrián Candales Taracido

Hace mucho tiempo, en los albores del mundo, millones de años antes de que los seres humanos poblaran la Tierra, ésta estaba habitada por extrañas y mitológicas criaturas: unicornios, demonios... y otras muchas, pero había dos que se alzaban por encima de las demás, mucho más fuertes e inteligentes: las serpientes aladas, que surcaban los cielos oscureciéndolos con sus casi treinta metros; y los dragones, con sus poderosas patas y alas y el peligroso fuego que escupían sus fauces. Estas dos majestuosas criaturas estaban enfrentadas, y nunca se determinaba cuál era superior. Estuvieron así millones de años, sin que ninguna desapareciese, hasta que llegaron los humanos y las sometieron, extinguiéndolas por completo. Pero cuenta la leyenda que un dragón y una serpiente sobrevivieron, y se reprodujeron, creando una raza que... algún día se vengará de los humanos.



LA TORRE DEL OLVIDO

por Diego Ferreira Carballeira

Se acercaba la semana de elegir la nueva capital de Celestia. Cada ciudad seleccionaba a un joven valeroso para que fuera a buscar la espada celestial que guardaba la princesa en "la torre del olvido". Quien consiguiese enamorar a la princesa, convertiría a su ciudad en capital del reino. Lo que nadie sabía es que los que iban nunca volvían, a causa de una misteriosa maldición.

Gabriel fue el elegido para representar al pueblo de Cielobab. Salió, como sus contrincantes, a las doce de la noche de un lunes. Se adentró en el bosque y siguió las indicaciones que le habían dado, pero hubo un problema: no veía nada y se perdió. Pasó horas vagando por el bosque, hasta que, agotado, se desmayó.

Cuando despertó vio un extraño sendero iluminado; se dispuso a seguirlo, pero en cuanto se levantó se dio cuenta de que era invisible. No comprendía nada, aunque, sin pensárselo dos veces, siguió aquel camino. Tras avanzar durante una hora, salió del bosque y llegó a una llanura laberíntica, en cuyo centro sobresalía una torre. Se dirigió hacia ella y, de pronto, chocó contra algo que le dijo que tuviese cuidado pues le iba a ganar, entonces se dio cuenta de que era un rival, también invisible. Por el laberinto se encontró con muchísimos más jóvenes, todos iban corriendo. Por fin llegaron a una fosa llena de extrañas imágenes producidas por las ondas: una de ellas era la de su desaparecido hermano, que el año anterior había hecho aquel viaje. Los otros jóvenes también encontraron caras conocidas, las estuvieron observando hasta que... ¡ahhh! se oyó un grito que les hizo caer a todos a la fosa. Gabriel fue el primero en despertar, pero ya no estaban en la fosa, sino en una enorme habitación en la que había una espada. Él, gritando, dijo: "¡la espada!". Los demás se despertaron y oyeron una voz que decía:

-¡Hola! Soy la princesa del Olvido y, como ya sabéis, os he reunido aquí para que luchéis por la espada, pero no será tan fácil, pues deberéis responder, uno a uno, a la pregunta que os haré; si no la acertáis pasaréis el resto de vuestra vida en la fosa; por el contrario, si acertáis, os reuniréis en el coliseo, situado encima de la torre, y allí lucharéis por la espada: sólo uno será el vencedor.

Los candidatos fueron entrando en la habitación en la que estaba la princesa. Ella les preguntaba:

-¿Qué prefieres: ser invisible toda la vida o volver a tu estado normal a cambio de olvidar los recuerdos?




Todos eligieron la segunda opción, excepto Gabriel, que se decantó por la otra. Nadie fue expulsado de la torre, y ya en su estado normal, los contrincantes entraron en el coliseo y lucharon hasta que sólo quedaba consciente un joven, ¿quién era?, pues Gabriel que había permanecido muy quieto y nadie lo vio.

La princesa reapareció y le dijo que él era el único que había respondido correctamente y merecía la espada. Ella le pidió un beso, cuando él se lo dio recuperó su estado de siempre. Casado con la princesa regresó a su pueblo, que se convirtió en la capital de Celestia. En cuanto a los otros jóvenes, no les fue tan bien, pues pasaron a ser parte de la fosa y no volvieron a recordar nada.

Respectamos a escrita en castelán, pois é a lingua proposta para o certame.

DIA DO LIBRO

Infantil 4-5 años



Os rallyes na comarca

por Cristóbal Vergara Vigo*

Na comarca de Ferrolterra hai bastante afección polos rallyes.

Nesta zona hai bastantes pilotos recoñecidos por toda Galicia como por exemplo Costoya, Cagiao, Rico, Rey, etc.

Algún piloto como Rico e Rey chegaron a correr no campionato nacional.

Fernando Rico foi campión galego de históricos no ano 1998 cun Seat 124 ante pilotos como o tamén naronés Costoya. Correu varios anos o campionato de España na copa Citroën, sendo subcampión co Saxo no ano 2003 e 3º nos anos 2002 (Saxo) e 2005 e 2006 (C2). Este piloto volveu o ano pasado ao campionato galego aos mandos dun Mitsubishi Evo VIII.

Por outra parte, Pablo Rey tamén logrou gañar a copa Fiat Punto galega e posteriormente pasou á copa Fiat nacional durante un ano; logo, pasouse ao desafío Peugeot aos mandos dun 206. Despois volveu ao galego correndo a copa Driver e o

volante RACC, quedando no 2006 como 2º clasificado e proclamándose campión no ano 2007 aos mandos dun Citroën C2. Este ano está correndo cun Mitsubishi Evo IX quedando como 5º clasificado no rallye do cocido.


Nesta comarca hai tres escuderías organizadoras de probas (Siroco Team, Escudería Ferrol e Scrath Fene).

O Siroco Team é a organizadora do rallye de Narón que está considerado como o mellor rallye do campionato galego. O rallye pasou hai varios anos por diversos problemas como o falecemento dun dun copiloto por causa do incendio do seu coche.

Por outra parte, a Escudería Ferrol é a organizadora de dous rallyes do campionato de España que son: o Rallye de Ferrol (asfalto) e o de Cabanas (terra). Tamén organiza durante todo o ano varios Slaloms e Rallyes Sociais.


A Escudería Scrath Fene é a organizadora do mellor Slalom do campionato galego e este ano van organizar a subida a Neda concretamente na zona do Roxal.

Tamén temos que recordar a pilotos como Germán Castrillón e Tino Cao que foron campións galegos sendo o 1º cinco veces campión galego e varios anos campión de España de grupo N.



* gañador do XIX certame Intercentros na modalidade de "Reportaxe Xornalística".

As Nosas Mascotas



How well do you take care of your horse?

My name is Carlos and these are my horses. When you have a horse at home, you have to take good care of it. Here you have a few tips that can help you:

Grooming

Grooming is also very important. Your horse will look nice and when you brush him you can see if it is hurt. You can use these objects for grooming:



Two or three times a year, you must wash your horse with shampoo and water. Before this bath, it is important to use the brush and to eliminate excess hair.



Adrián is brushing his horse Dinámico

Use a body brush to clean the horse. Hold it in your hand and use firm, short strokes. Horses have grease in their coats to protect them from bad weather. So, if your horse lives outside, he needs this protection. Don't brush him too much!!

F o o d



I am feeding my filly Rusa

Food is very important. You must feed your horse twice a day. First, you must know your horse's weight. For every 50 kilos, your horse must eat 700 grams of hay. So, if your horse weighs 500 kilos, it will need 7 kilos per day.

F e e t

You must clean your horse's feet once a day. Check that the shoes are firm and use a hoofpick from heel to toe. Be very careful!



Be gentle with your horses's feet, they are very sensitivej

The Stable



My horses sleep and rest here

The stable must be very clean and well ventilated. You must remove the dung and the dirty straw. Add fresh straw every day.

A warm, clean and dry bed is essential! And that's all for now. Don't forget your horse is your friend and it needs your help!!

Vive en defensa do monte galego

Esta foi a nosa experiencia




Todos os recunchos do albergue As Sinas en Vilanova de Arousa serviron para que os monitores nos achegaran á problemática do monte galego...



Sabedes o que é un cortalumes verde, que son especies pirófitas, que especies de árbores son de Galicia e cales son intrusas?



Alí coñecemos a Carlos, un rapaz cego dun centro de Cangas, todos quedamos impresionados do ben que se desenvolvía el só, imaxinades como é o non ver? Pois nós, tivemos a oportunidade de facernos unha idea a segunda velada. Estivemos case dúas horas cos ollos vendados experimentando cos nosos outros sentidos... a algún que outro tamén lle entrou o sono!



A primeira noite pasámola de medo co Akelarre que nos prepararon.



O terceiro día fomos de visita ao monte Cabalar, a verdade é que o tempo non acompañou moito... pero entre tanta néboa atopamos unha explotación gandeira na que vimos cabritiños, cans pastores e un xatín!



A segunda xornada foi de traballo duro, arrincamos eucalipptos e preparamos unhas parcelas nas que plantamos cerdeiras e carballos, por iso disfrutamos tanto da comida no monte!



Todas as noites despois da cea, repasabamos o día coa coordinadora do proxecto. Era o momento de dar as nosas queixas, as nosas felicitacións... pero non era o único momento de expresar como nos sentiamos, iso podiamos facelo a diario nas distintas actividades.



...E ISTO É SÓ UN PEQUENO RETAZO DAQUELES TRES DÍAS, O MELLOR NON ESTÁ AQUÍ ESCRITO SENÓN EN CADA UN DOS QUE PARTICIPARON NA EXPERIENCIA!

ACUA CIENCIA

O 27 de novembro fomos a un sitio que se chama Acua Ciencia. Vimos moitos xogos que funcionaban con auga, entre eles unha barca. A barca tiña dúas partes porque a partir unha corda. Na barca collíamnos tres nenas ou nenas tres nun lado e tres noutro. Tínhamos que tirar dunha corda e tínhamos que chegar a un lado e volver.



David Muíño Yémez 4º B


A Casa das Ciencias

O luns, 28 de xaneiro, fun de visita á Casa das Ciencias, na Coruña. A viaxe foi longa pero valeu a pena. O que máis me gustou foi o planetario, paseino moi ben. No planetario había: unha morca de estrelas, un tiburón martelo, os dinosaurios, as persoas, a natureza... Despois fomos merendar a un parque e logo a xogar e xa regresamos ao colexio.



ALDEA NOVA

O Mércores 27 de Febreiro toda a clase fomos de excursión a Aldea Nova. Fixemos unha pegada de animais, a miña foi de raposo. Tamén vimos animais disecados e como medraban as plantas. Despois nos explicaron cousas do río e nos dixeron que as troitas tiveron dúas cabezas pola contaminación. En fin paseino moi ben.



ALDEA NOVA

O pasado día 27 de febreiro de 2008, os alumnos de 1º e 3º de primaria visitamos Aldea Nova un parque temático no que se explica toda a que o bosque nos ofrece. Fixemos unha pegada de animal entre aqueles que podíamos escoller: teixugo, corvo, cervo ou raposo. Despois de facer a pegada fomos a unha especie de museo no que había animais disecados, o esqueleto dun raposo, a casa dun ourizo... etcétera. Pasado un ratito visitando o museo fomos visitar o río Xullia, primeiro desde o muíño de Pedroso e despois desde San Sadurniño.



Postais



Un novo compañeiro

Na nosa clase de 4º A, tivemos unha sorpresa: un neno, que estaba no Santiago Apóstol, veu para seguir os seus estudos connosco. O sorprendente é que é de nacionalidade polaca. Chámase Radek Rozniatowski, e vivía na cidade de Wractow. Ten tamén outra irmá en 1º de ESO, e para o ano que vén virá o seu irmán pequeno.



Así que agora temos na clase unha nena uruguaia, que veu o curso pasado, e este compañeiro polaco.

Polonia



L o n d o n

here we go!




12

Os alumnos e alumnas de 1º ESO A e B fixemos unha viaxe a Londres acompañados das nosas profesoras da Sección Bilingüe: Sonia, a profesora de plástica, e Conchi, a xefa de estudos de Secundaria.



2

O primeiro día erguémonos moi cedo para non chegar tarde ao aeroporto. Unha vez en Londres fomos ao hotel para deixar as maletas. Rapidamente apresurámonos a buscar un sitio para comer, pois se nos facía moi tarde. Esa mesma tarde fomos ao Museo de Historia Natural. Tiña moitas cousas interesantes e era moi grande. Tamén fomos a unha praza moi importante que quedaba de camiño, Picadilly Circus. Alí, Conchi filmounos coa súa cámara.



11



3

O segundo día, despois de almorzar, fixemos un tour en autobús. Despois dun certo percorrido pasamos por Buckingham Palace, polo Big Ben e pola Torre de Londres. Nada máis baixar do autobús, comezou a chover a cántaros e, despois dunha boa camiñada, decidimos montar nun barco turístico polo río Támesis.

Visitamos ademais o Museo de Cera. Había numerosos personaxes famosos como a Familia Real Inglesa, David Beckham, Penélope Cruz... Ese día fomos tamén a unha xoguetería con moitos pisos, cada un deles dedicado a unha cousa, chamada Hamley's.



10

O terceiro día fomos montar nunha nora dende a que se podía ver todo Londres, o London Eye. Máis tarde percorrímos o Museo do Terror, que por certo, o nome vénlle ao pelo. Acabamos o día no museo de arte moderno, a Tate Gallery, e sinceramente, para nós había cousas moi raras...



4

Rematamos a viaxe visitando o Museo Británico, onde había momias e esculturas gregas e romanas e dirixímonos xa ao aeroporto. Montamos no avión ás cinco da tarde e os nosos pais estaban esperándonos cando chegamos.



9

En fin, pasámolo ben e iso é o que conta.

THE END

MACARENA GONZÁLEZ MARTÍN



5



6



7



8

1. Chegada ao aeroporto de Heathrow.
2. Na Abadía de Westminster.
3. O Big Ben.
4. O London Eye.
5. Cabina do London Eye.
6. A Ponte de Londres.
7. A "City", o centro financeiro.
8. No Museo de Ciencias Naturais.
9. As momias do Museo Británico.
10. Outro tipo de momificado...
11. Picadilly Circus
12. Adeus! Bye!

SEMPRE
NOS QUEDARÁ

París



Diante do famoso "Moulin Rouge".
Pigalle.

Este ano, no Feal, fixemos por fin as maletas para irmos a París. Era unha viaxe que xa se tentara facer nos dous últimos cursos pero que, por motivos varios, non chegara a materializarse até o de agora. Un grupo de 10 alumnos de 3º E.S.O, xunto con outros 40 do I.E.S Telleiras, visitaron, do 11 ao 15 de marzo, esta señora cidade.

Para moitos era a súa primeira viaxe ó estranxeiro e, dende logo, para a maioría era a primeira visita a París, así que cando saímos ben cedo, (ás cinco e media da mañá), o que máis e o que menos durmira máis ben pouco coa emoción e os nervios dos preparativos... Xa sabedes: que se non sei se metín todo na maleta, que se non recordo cómo dixo a profe que tiña que preguntar isto ou aquilo, que cómo irá a viaxe nese avión desa compañía de tan baixo custe (non vaia ser que voe tamén máis baixo do que debe!), e todas esas cousas que nos impiden conciliar o sono nestas circunstancias.

Tomamos terra na cidade da luz con moita ilusión e a pesar dalgúns probleminiñas cos que non contabamos en relación ó hotel, gozamos desta maravillosa cidade durante cinco días. Subimos á Torre Eiffel, paseamos polo Sena en Bateau Mouche, visitamos a catedral de Notre-Dame e o barrio latino, subimos a Montmartre para ver a basílica do Sacré Coeur e a praza dos pintores e contemplamos de cerca o famoso "Moulin Rouge". Non podiamos tampouco deixar de visitar a famosa "Mona Lisa" no museo do Louvre tras dar un agradable paseo dende o Arco de Triunfo até o final dos Campos Elíseos. Por último, pasamos un día con Mickey Mouse e os seus amigos en Disneyland París.

Aquí vos amosamos algunhas fotografías que gardaremos como un "souvenir" moi especial desta viaxe e dos momentos compartidos, aínda que podedes ver máis na Galería da nosa páxina Web.

O Departamento de Francés quere agradecer ós alumnos que participaron na viaxe o seu excelente comportamento e agarda que esta experiencia poida repetirse outros anos porque é, sen dúbida, a maneira máis enriquecedora e divertida de achegámonos á lingua e á cultura do país veciño. É por iso que debemos despedirnos cun **AU REVOIR, PARÍS! À BIENTÔT!**



Cos compañeiros de Telleiras. Aeroporto Charles de Gaulle.



Foto á entrada do parque Disneyland Paris, co hotel Disneyland de fondo.



Paseo baixo a choiva coa Torre Eiffel de fondo.



Basílica do Sacré Coeur. Montmartre.



Visita a Notre-Dame. Île de la Cité.

Sorolla e os seus contemporáneos

Visita á exposición da Fundación Caixa Galicia en Ferrol.

Marta Fernández:

A excursión á exposición de Sorolla pareceume moi interesante. O que máis me impactou foron os cadros nos que Sorolla reflectía a luz, era realmente precioso, a mestura das cores e sempre o branco destacando. Os cadros que máis me gustaron foron o da "Nena na praia" e o da "Moza recollendo laranxas"; Sorolla quería que a xente se fixase no vestido no cal levaba moitas capas de pintura.

Diego Ferreiro:

A exposición "Sorolla e os seus contemporáneos" é brillante; os cadros de Sorolla teñen unha luz expresiva que inunda os seus cadros. Os cadros de Sorolla non son tan realistas coma os de Zuloaga pero dan unha sensación de alegría que os de Zuloaga non expresan. Os retratos de este último destacan polo seu realismo e tristeza, perfectamente detallados. O mellor para min é "Entre naranjos" de Sorolla, gústame a maneira en que entra a luz na festa. Ter esta exposición en Ferrol é un auténtico luxo.

Nerea Otero:

O que máis me chamou a atención é cómo Sorolla representa a luz nos seus cadros, e o retrato da marquesa que estaba de costas. O guía explicou moi ben todos os cadros e mostrounos detalladamente cada un deles (as cores, o que o pintor intentaba representar...).

Diego Vázquez:

A exposición gustoume porque tiña cadros de moitos pintores. Pero gustáronme sobre todo os de Zuloaga e os de Sorolla. Os de Zuloaga gustáronme porque eran imaxes de persoas e parecían moi reais. E os de Sorolla gustáronme porque as paisaxes que debuxaba eran moi bonitas. Gustoume sobre todo un que era un campo con moitas flores brancas.

José Rodríguez:

Os cadros de Sorolla son moi realistas e o máis importante destes cadros era que o sol non sae debuxado pero el pintaba a súa sombra. Un dos cadros que máis me gustou foi o que se vía unha nena cun vestido branco mirando o mar, o vestido era branco pero tiña cores reflectidas dentro do branco. Valeu a pena ir con guía porque nos explicou todo moi ben.

Adrián Candales:

Joaquín Sorolla foi un pintor valenciano que pintaba cadros impresionistas. Hai dous temas que destacan nas súas obras: as escenas cotiás e as de praia. Utiliza cores vivas e moi pouco negro. Sabe darlle sensación de movemento aos elementos dos seus cadros, cousa moi difícil. Pareceume unha exposición moi interesante.

Adrián España:

A exposición pareceume completa, divertida, interesante e creo que aprendimos moito con ela.

Ezequiel Galdo:

Gustoume porque era todo moi bonito. O que menos me gustou foi estar de pé.

Jorge Luis Casal:

O que máis me gustou da exposición é que Sorolla, nos seus cadros, case sempre está o día soleado pero nunca se ve o sol. Tamén me gustou que sempre usa a cor branca.

Yoana Gen:

A min a exposición gustoume moito porque os cadros estaban moi ben feitos e os retratos eran magníficos, con pequenos detalles que facían que o cadro che gustase máis. O cadro que máis me gustou foi "Almendros en flor de Mallorca". É precioso!



Victor Moya Calvo, Valencianas, 1920



Joaquín Sorolla, Niña, detalle 1904



Santiago Ruiseñol, Almendros en flor, 1902

Como se fai unha revista

Visita a La Voz de Galicia

JOSE MIGUEL DOCAL FERNÁNDEZ

Chegamos aproximadamente ás once da mañá. Entrei con ganas de ver por dentro o lugar onde fan o meu xornal favorito; era un lugar onde se notaba a profesionalidade no ambiente. O primeiro que vimos foron os gardas que custodiaban a entrada e un rapaz, que nos guiou na visita.

O primeiro que nos amosou foi unha sala onde algunhas persoas traballaban no ordenador, posiblemente redactando os artigos, seleccionando as fotos para poñer no xornal, etc.

Logo ensinounos o lugar onde están as complicadas máquinas que se empregan para imprimir o xornal e explicounos un pouco o seu funcionamento, por onde entra a tinta, onde se colocan os enormes rolos de papel para imprimir, como saen os xornais unha vez impresos, etc. Finalmente visitamos a sala de historia de "La Voz de Galicia" onde vimos as máquinas que usaban antigamente. Alí vimos algunhas páxinas de antigos periódicos colgadas en cadros nas grandes paredes da sala.

Para acabar, estivemos no almacén onde gardan os xornais. Déronnos un DVD sobre os animais e logo saímos ata o autobús que nos esperaba fóra.

Visita a Inditex

DANIELA ANDREA CALDERÓN

Os alumnos de 4º de ESO xunto con Marisa, Ángel e Gela, visitamos no 1º trimestre as instalacións do grupo Inditex en Arteixo, unha das empresas mais importantes no mundo da confección de roupa.

A guía de Inditex que nos recibiu mostrounos un por un tódolos procesos polos que as prendas tiñan que pasar antes de ser enviadas a cada unha das tendas: Zara, Bershka, Pull& Bear, Blanco...

Ninguén de nós imaxinaba que a roupa que probablemente levábamos posta nese momento tivese pasado por eses procesos tan complicados. Miles de traballadores, inmensas naves, tecnoloxía punta...

Tamén vimos prototipos das diferentes seccións das tendas: home, muller, neno, "home", trf..., cómo se preparaban os distintos escaparates, o estilo das tendas, cómo se probaban as prendas nun modelo real...

Todo aquilo era impresionante, ata teñen un aeroxerador que subministra electricidade para catro das once factorías do complexo de Arteixo.

A maioría dos traballadores eran novos, algo que non esperabamos.



Parecían moi eficientes e contentos co seu traballo, tamén se apreciaba compañeirismo entre eles e todo isto facía máis agradable a visita.

Algún que outro de nós imaxinaba como sería traballar alí e cando viñamos xa de volta para o centro, preguntabamos aos profesores qué tiñamos que estudar e facer para estar en cada un dos diferentes postos que víramos. Non é un camiño fácil, pois moitas daquelas persoas tiñan estudos moi avanzados, gran control de diferentes idiomas, informática, comunicacións, tecnoloxía....

Non fixemos moitas fotos pois eran poucos os sitios onde nos daban permiso. Ao final da visita déronnos unhas camisetas de regalo. Poderían ser máis bonitas, pero tivémonos que conformar con aquelas.

En fin, todos quedamos realmente abraiados con esta visita e esperamos que o curso que vén os alumnos que quedan poidan ir e descubrir todo aquilo que hai detrás das nosas tendas máis habituais.



Os xornais en Galego

O novo libro de «A Gran Historia de Galicia» chega á Idade Moderna

O volume distribúese ao prezo de 3,95 euros máis o custo habitual do periódico

La Voz REDACCIÓN | O 17 de decembro de 1483 é unha das datas máis sinaladas na historia de Galicia. Ese día rodou polas escastras da praza de Mondoiño a cabeza do mariscal Pardo de Cela, executado polo novo orde que representaba o gobernador Fernando de Acuña, en nome dos Reis Católicos. Conta a lenda que, mentres o verdugo deixaba caer a machada sobre o pescozo do mariscal, uns clérigos saíalle ao paso á súa muller, Isabel de Castro, portadora do perdon real para o seu marido. O encontro tivo lugar na ponte coñecida como do pasatempo. E, naquela ponte, esfumáronse as últimas esperanzas de seguir con vida de Pardo de Cela.



ENTREVISTA | PEGERTO SAAVEDRA | Catedrático de Historia Moderna na USC
«Se se mira dende hoxe, a vida dun labrego dos séculos XVI ao XVIII parece difícil de soportar»

J. C. REDACCIÓN | O profesor Pegerto Saavedra, catedrático de Historia Moderna na Universidade de Santiago e un dos autores de A Gran Historia de Galicia, é un deses docentes que deixan pegada nos seus alumnos.



—Vostede escribiu: «Os Reis Católicos viñeron a pór a cadaquén no seu sitio», ¿que quería dicir?

Concorda, en todo caso, con que *La Voz de Galicia* presenta habitualmente maior número de páxinas (72) que o *Diario de Ferrol* (68).

Das 460 noticias do *DF*, 22 usan o galego (4,8 % do xornal); das 570 de *LVG*, 29 usan o galego (5 %).

Sorprende como este dato practicamente coincide, e un pregúntase se o calculan ou é casualidade. Tamén nos chama a atención porque criamos que a porcentaxe de uso do galego era moito maior —algúns estimabamos que sería un 30%—.

Se nos fixamos con máis detalle, vemos que en *LVG* son 20 as noticias que están totalmente en galego (3,5 %), mentres que no *DF* son 19 (4,1%). As restantes presentan un uso parcial do galego. Coinciden nos dous xornais que os titulares, subtítulos, resumos e pés de foto destas noticias, aparecen en castelán e só se usa o galego cando non “fala” o reporteiro e recolle as palabras dalgún entrevistado ou informante que fala galego (aparecen sempre entre comiñas).

Por certo, estas noticias soen aparecer na sección da Comarca ou de Galicia - Ferrol, coincidindo nisto tamén os dous medios.

Por seccións, non aparece nada en galego nas seccións de:

- *LVG*: Internacional, Deportes, Televisión, Esquelas,...
- *DF*: Mundo, España, Televisión, Pasatiempos, Economía, Esquelas,...

Comparando estes datos, podemos afirmar que hai máis

seccións nas que non se usa o galego no *DF*, pero tamén hai que ter en conta que neste xornal hai maior número de seccións que en *LVG*.

A NOSA OPINIÓN

En resumo, concluímos que nestes dous xornais. (os máis lidos na nosa comarca dos feitos aquí) a presenza da nosa lingua é unha cuestión que ofrece un gran debate. Nin entre os da clase chegamos a un acordo:

- Uns opinan que aquí todo o mundo entende o castelán: “Tamén se se venden fóra de Galicia ou se os len inmigrantes — cada vez hai máis — é unha maneira de facilitar as cousas que as noticias estean en castelán”.

- Outros, que mellor sería o uso do galego, xa que hai moita prensa e información en castelán. A prensa feita en Galicia, fundamentalmente para galegos, debería estar pois en galego “para compensar”: “Estamos en Galicia e se non o empregamos nós... ¿quen o vai facer?”.

- Por último, están os que opinan que a cousa está ben como está: “Hai problemas máis importantes e isto non é un tema de debate nin algo que necesite ser cambiado ou solucionado”.

E ti... ¿que pensas?

Traballo realizado polos alumnos e alumnas de 4º Diver.

Análise do uso da nosa lingua en *La Voz de Galicia* e *Diario de Ferrol* (Un día calquera de setembro)

Facémonos con dous xornais do mesmo día para analizalos, comparalos... no que se refire á utilización do galego nas súas páxinas e chegamos ás seguintes conclusións.

Contabilizamos de maneira aproximada as noticias que contén cada un dos xornais, e os datos non son demasiado diferentes entre os dous :

- *La Voz de Galicia* (*LVG*)
Aproximadamente 570 noticias
- *Diario de Ferrol* (*DF*)
Aproximadamente 460 noticias

A ASPGP busca en Canido renovar as técnicas docentes

Sonia Dapena

FERROL | O colexio público Cruceiro de Canido acolle esta semana, ata o venres 21, unha escola de verán para docentes organizada pola Asociación Socio-Pedagóxica Galaico-Portuguesa (ASPCG). Con esta iniciativa, dende esta entidade —presentada en Ourense— preténdese «sensibilizar aos profesores para que leven ás aulas un ensino máis lúdico que motive aos rapaces». Así o comenta Xosé Paz Rodríguez, presidente da citada asociación e profesor de di-



Docentes participando nunha das actividades da escola | c. TOIMIL

amigas por sempre

Esta é a historia de dúas amigas que eran moi amigas. Non se separaban nunca: As fins de semana, os festivos, os días de escola, nas vacacións... Eran tan boas amigas ata chegar o intre en que ás veces xa non tiñan de que falar, porque estando tanto tempo xuntas xa se tiñan contado todo.

Xa acabaran a ESO e ían empezar o Bacharelato xuntas no mesmo instituto. As dúas estaban nerviosísimas o primeiro día de clase, porque todos lles dicían que Bacharelato era moi difícil, aínda que ámbalas dúas eran moi estudosas.

Ó principio foilles difícil adaptar a aquela clase, había xente que non parecía moi amigable pero ó estar xuntas facíaseles máis levadeiro.

Co tempo Paula, que era unha delas, fíxose amiga duns mozos do instituto e entón a outra, que se chamaba Marta, tamén intentou facerse amiga deles pero a ela non lle caían ben nada ben. Eran uns rapaces problemáticos, non facían máis que meterse con outros compañeiros, andaban metidos en drogas etc.

Isto a Marta non lle gustaba nada e decidiu falar con Paula:

- Mira, eu vou deixar de andar con Miguel e todos estes.
- E logo?
- Non me caen ben. Métense coa xente e non fan máis que facerlles a vida imposible.
- El non lles quere facer mal, so é para botarnos unhas risas.
- Pois eu síntoo moito pero a min ese tipo de parvadas non me gustan. Non se pode divertir doutra forma que non sexa facerlle mal a alguén?
- Pero e que el é así, cada un ten a súa forma de ser, e xa che dixen que el non o fai por mal.
- Mira ti fai como queiras, pero eu non penso estar nin un minuto máis andando con eles. Ti ben sabes que nunca me caeron ben de todo e que só estaba con eles porque ti mo dicías.

Nese intre apareceu Miguel, e Marta díxolle que lle parecía mal as cousas que facían. Entón Miguel díxolle a Paula que decidira con quen quería estar, se con Marta ou con el, isto para Marta foi horrible, non esperaba que perferise ó delincente ese antes que a ela, que antes era a súa mellor amiga.

Marta co tempo encontrou novas amigas, pero ningunha era como Paula botábaa moito de menos aínda que agora se porta fatal con ela. Paula, insultábaa e dende que se fixo moza de Miguel xa non é a mesma: saca malas notas en clase, contesta ós profesores, anda metida nas drogas e ten pelexas a miúdo.

Un día Marta viu que Paula tiña un forte golpe nun brazo e preguntoulle que lle pasara pero Paula berroulle e díxolle que a ela non lle importaba. Nese intre, chegou Miguel e ameazou a Marta para que non volvese a falarlle a Paula.

Marta empezouse a preocupar e non sabía qué facer porque cada vez vía a Paula peor, incluso ás veces poñíase a chorar en medio da clase. Marta non quería

***Tania Castro, gañadora do XIX certame Intercentros na modalidade de Narrativa.**

dicirllo ós profesores porque senón meteríase en problemas con Miguel, pero por outra banda non podía soportar ver a Paula tan mal.

Un día que Marta pasaba polo corredor viu a Miguel que lle dicía a Paula que el rompera o seu móbil e que non tiña cartos para comprar outro. Entón pediulle a Paula que fose roubar un na clase, que no colgador dentro das cazadoras tiña que haber algún.

Paula entrou na clase es saíu cun móbil, era o móbil de Marta. Marta sentiuse indignada, non sabía como a súa amiga pudiera caer tan baixo. Entón Marta foi contarlle á súa titora que lle roubaran o móbil pero o último intre decidiu que iso non era o mellor e foi directamente a pedirlle a Miguel e a Paula que lle devolvesen o seu móbil.

- Dáme o meu móbil.
- ¿Que móbil? ¿De que falas? Mira déixanos en paz. Se Marta me prefire a min antes que a ti, non é o meu problema.
- Mira, dáme o meu móbil e esquecémonos deste asunto.
- ¡Que eu non teño móbil e esquecémonos deste asunto.
- ¿E logo iso que é?
- Se non mo dás, voulo dicir á directora.

Entón decidiu estrelalo contra o chan e o móbil rompeu. As amigas de Marta decidiron contarlle á directora a pesar de oposición de Marta. A directora decidiu expulsar a Miguel tres días e díxolle que lle tiña que dar os cartos do móbil a Marta.

Xa pola tarde, fóra de escola, Paula e Miguel fóronse xuntos. Miguel levouna á súa casa e pegoulle, dicíndolle que xa podía ir conseguindo os cartos para o móbil porque todo iso fora por culpa dela.

Paula de regreso á súa casa, choraba. Estaba arrepentida de todo, de traizoar a súa mellor amiga e deixala por un rapaz que o único que fixo foi metela en problemas. Así que decidiu chamar a Marta para que quedasen esa mesma tarde.

Paula contoulle que Miguel lle pegaba e que a obrigaba a facer cousas que ela non quería, como roubar, por exemplo. Ela quería deixar, pero no fondo quería. Marta convenceuna para que o fose denunciar e así fixo.

Ó final, Miguel foi internado nun centro de menores, por maltrato físico e psicolóxico, vandalismo, e foi acusado de cometer roubos en diversas vivendas.

Paula e Marta volveron ser amigas e xuráronse a elas mesmas que nunca máis ninguén as volvería separar.

FIN



e tí tes móbil?

Os alumnos da clase de 3^oA fixemos unha enquisa sobre as tecnoloxías a 152 alumnas e alumnos da ESO. A enquisa constaba de 9 preguntas e estes foron os resultados máis importantes:

1.- O móbil:

Teñen móbil o 95% dos alumnos; destes, a maioría (87 alumnos) hai máis de 3 anos que o teñen e só 13 levan menos dun ano con el. Ademais de chamar e mandar mensaxes, a maioría o utilizan para escoitar música. Por último, case un 65% trae o móbil ao colexio.

2.- O ordenador:


Moita xente ten ordenador na casa (82%), pero poucos destes, cerca dun 15%, utilizaron a axuda da consellería de educación para compralo. Un pouco máis da metade dos que teñen un

ordenador en casas teñen internet, exactamente o 56%.

Entre todos os alumnos da ESO, o 82% teñen televisión ou ordenador na súa habitación.

3.- Videoxogos:

O 80% teñen consola de videoxogos, e a máis común é a PlayStation. A maioría dedican entre 0 e 2 horas diarias a xogar e a media de todos eles é de 1 hora e 10 minutos ao día.



a que dedicas o tempo libre?

Os alumnos de 3^oB fixemos unha enquisa a 152 alumnos e alumnas da ESO. Esta enquisa trataba sobre o seu tempo libre e as súas preferencias.


Esta enquisa revelou que o 73% dos alumnos afirman facer deporte, e o deporte máis practicado é o fútbol, seguido da ximnasia con case a metade de alumnos de diferenza. A maioría o practican entre 0 e 1 hora e a media é 3h 10min á semana.

Na pregunta “que soes facer na casa?”, a maioría admitiu que escoitar música, ver a televisión ou películas e 68 alumnos ven a televisión máis de 2h 30min diarios.

A seguinte pregunta foi sobre cantos libros les ao mes (sen contar os de clase). O resultado foi que a inmensa maioría non le ningún e só oito persoas le máis de dous. A media de libros lidos ao mes é de 0,6 libros.

Sobre o que fan a fin de semana, 103 afirman que soen saír a dar unha volta e o 90% afirman que foron algunha vez á discoteca.

Por último, 15 alumnos admiten non dedicar diariamente nada de tempo a facer os deberes, 30 entre 0 e 30 minutos e só 3 máis de 3 horas diarias. A media de todos os alumnos é facer os deberes 1 hora e 7 minutos.



Así vemos o PROA

A participación no PROA, programa de reforzo educativo do alumnado, parécese moi divertida. Non só estudamos e facemos algúns deberes, tamén facemos pequenas festas. A profesora axúdanos moito nos estudos e nas materias pendentes. Eu levo mellorado moito dende que vou ao PROA e penso que o mesmo lle pasa aos meus compañeiros.

Tamén hai nenos de primaria que van ao PROA. Imos mércores e xoves en horario de tarde. O autobús vainos collendo a cada un na súa parada; hai dous: un para Freixeiro e Castro e outro para Sedes e O Val.

Se alguén está de aniversario facemos unha pequena festa. Ademais, antes das vacacións, xuntámonos todos e tomamos chocolate e pasteis.

Eu invítovos a que veñades ao PROA, porque se aprende moito e é moi divertido.


Iván Castro Fraga



CARTELEIRA

BEE MOVIE

O mércores 19 de decembro, fomos ao cine.
A película foi moi bonita e o que máis me gustou foi cando estaban todas as abellas xuntas na flor.
Despois fomos a tomar chocolate. O chocolate foi moi rico e eu tomei un croissant e unha napolitana.
Estaba riquísimo todo.



Sofía 4ºB

Pa sa tem pos

Completa estas palabras cruzadas con
nombres de peixes

10
1 E R
2 O A
3 O M
4 L A
5 X B
6 T A
7 E L
8
9
11
12
13
14

Trabalho realizado polos alumnos e
alumnas de 4º Diver.

Procura os vinte nomes de carnes e friames que hai nesta sopa
de letras tan nutritiva!!

A Z X O B C C O E D F G L N M O A Z
B O A X I E E A L M O C Z C M A Ñ O
P N L P S Q S T B S O S O A L L O P
Q M Ñ L T A E Z Q R P R R L A E Z B
V C S A E T P Q D R I S A P C D L M
C O M P Z A I E Ñ P Q T L S S O N M
X E L M P A I Z M F B C O S T E L A
A L Z X L R I L E S P T D N D F G O
P L R C O R Z O O S F I G A D O F G
T O P P S P O L O X L M N P Q R O A
P T Z I A Ñ O R P X F T S M L O A S
S A T O I P O Q P E I T U G A Q T E
N M D C L Q R T A Q L H N P Q N S U
S D U L Q T I D V L E G T P T S R G
B O G N M C E Q O M T P O N S M P R
T S L T S C N M H M E S T I R N L U
C M D M P E R D I Z D E P I B O I B
S Q N M G Q A M D O Q F C N S M R M
P Q S M D C C O U U S P A S M A Q A
S P X L L M O S T L I R A B A X P H

Xeroglífico

Un matrimonio decide levar a súa filla a estudar ao estranxeiro.

Podería ser avogada... Eu, nai dunha doutora...

E a rapaza marchou ao Reino Unido a estudar a casa da súa tía...

Xa vou!

Cando a rapaza voltou coa súa familia, esta quiso agradecerlle á tía o que fixera pola nena, e envioulle unha tina con ameixas, pero ó paso dos meses, non lles devolvía a tina...

Iso sae moi caro. E se lle mandas unha carta? E se a chamas?

E como llo digo en poucas palabras, para que me saia máis barato...

Aquele noite, pensou ata dar coa solución...

Un telegrama! é o máis económico...

A que conclusión chegou?

i

A bit of London...

THE HOUSES OF PARLIAMENT AND THE BIG BEN

Iván: Did you like the Big Ben?

Tamara: The clock has become a symbol of the United Kingdom and London.

Andrea: When you see it, you immediately realise that you are in London.

Tamara: it has a little brother.

Andrea: yes, it is a copy of the Big Ben, a small Big Ben.

Iván: particularly in the visual media. I have seen on TV, when a television or film-maker reports some news to the rest of the world, it is common to show an image of the Clock Tower.

THE LONDON EYE

Macarena: One of the most exciting thing was The London Eye.

Paula: Were you scared?

Adrian: Are you joking? No, we enjoy a lot. It was great. We took lots of pictures of London and the Thames river.

Paula: How many metres high is the London Eye?

Macarena: 135 metres high.

Paula: was it very expensive?

Adrian: about 16 pounds.

Paula: It isn't cheap.

FOOD

Tatiana: English food is very different from Spanish food.

Borja: I prefer Spanish food.

Lidia: Tell me more about English food.

Tatiana: English breakfast has beans, eggs and bacon.

Borja: nothing to do with Spanish breakfast: milk with cacao, orange juice cereals, biscuits or toasts.

Tatiana: English people also have coffee and milk for breakfast and cereals as well.

Lidia: Fanny told me that dinner was very spicy.

Borja: yes, we had dinner at an Indian restaurant and even the spaghetti was spicy and very, very hot, we drank a lot of water.

Lidia: so, you missed Spanish food, yes a lot!!

THE BRITISH MUSEUM

Sara: You can see mummies in the British Museum, Greek statues and a lot of objects from the Ancient World.

Christian: What I liked most were the mummies, it was unbelievable how they prepared the bodies, to keep them as if they were slept.

Marcos: wasn't it disgusting? To watch the bodies in so bad conditions?

Christian: No, it was very exciting.

Marcos: Did you have to pay, to go to the British Museum?

Sara: No, it was free!!, you don't have to pay. In London many museums are free.

THE SCIENCE MUSEUM

Marta: It was amazing the skeleton of the dinosaur.

Estefanía: yes, and the copy of the whale on the top of a big room.

Marta: The dinosaur making noise and moving it was very frightening.

Estefanía: There were a lot of stuffing animals.

Marta: yes, you could learn a lot about the animal world.

THE LONDON DUNGEON AND MADAME TUSSAUD'S

Angel: I didn't like the London Dungeon, I was scared, it was disgusting.

Marta: Yes, it was very dark, some people shouted and someone told Jack the Ripper's story.

Angel: I prefer Madame Tussaud's, there were actors: Penelope Cruz, Nicolas Cage and many famous people like The Queen of England, The Pope, etc...

It was very funny, to take photos to famous people.

1st Bilingual Group

À Abordaxe!!

O ASALTO PIRATA

Chámome Martín e vou na clase de 6ºA do colexio C.P.I. do Feal. Un día, aló polo mes de febreiro, cheguei ao colexio e vin uns bonecos piratas colgados das fiestras e máis unha bandeira pirata. Quede de pedra!!

Cando chegamos á clase vimos unha carta na porta da aula; resulta que a mascota da biblioteca - Raiñalea - fora raptada por uns piratas que a tiñan prisioneira na biblioteca do centro. Todo iso era unha trama dos mestres para fomentar a lectura entre os alumnos.

Os mestres mandáronnos traer cousas coma garfos, sombreiros, panos, parches, trabucos, patas de pau, etc. Para, o día do festival de Entroido, disfrazarnos.

Durante esa semana, por turnos, todas as aulas asistiron á biblioteca para ver a exposición que os mestres realizaran fóra do horario escolar. Quedáralles moi ben!

O día do festival foi increíble: todos iamos disfrazados; había comida pirata coma tibias de queixo, caveiriñas,...; Xosé - o conserxe - encargouse de poñer a música; entregáronnos un carné pirata...

E ... para rematar, a cada clase entregáronlle unha Patente de Corso que, entre outras cousas, acreditaba aos nenos e nenas para seren piratas.

Recentemente chegou outra carta á aula, na que Raiñalea nos dabas as grazas por liberala dos terribles piratas.



MARTÍN BECEIRO DÍAZ

Neste curso 2.007/2.008, o grupo de animación á lectura do C.P.I. do Feal decidiu utilizar como tema o "Mundo Pirata", xa que nos parecía que sería motivador para que o alumnado pasase pola Biblioteca de Primaria.

A BIBLIOTECA DE PRIMARIA PIRATEADA!

Rematada a semana da exposición e superadas todas as probas, celebramos unha festa pirata. A mascota estaba liberada. Había comida pirata e todo o mundo estaba disfrazado.



Os piratas asaltan o colexio.



Deixan o seu barco na biblioteca.



Fan prisioneira á nosa mascota



Unha rede e o recuncho dos tesouros.

A partir dese momento buscamos na nosa biblioteca todos os libros que tiñamos relacionados co mundo dos piratas e atopamos uns cantos. Como non nos pareceron suficientes, encargamos nunha librería da zona que nos seleccionase todos os libros de piratas e revistas relacionadas co tema que fosen aparecendo para as idades comprendidas entre os tres e os trece anos, que son as idades dos usuarios da biblioteca de Primaria.

Conseguimos un bo número deles que pasarán a engrosar os fondos dos que dispoñemos, en concreto hai 26 títulos diferentes.

Logo pareceunos apropiado facer coincidir a exposición coa semana de Entroido para relacionar así o tema dos disfraces e o tema da biblioteca. E este foi o resultado.



Amor Tolo



Rematan Primaria



Rematan



a



ESO



TESTAMENTO 2008

Benqueridos camaradas
E piratas do Feal:
é hora da despedida!
A viaxe comeza xa!

Aínda que non me deu tempo
de rematar o turrón,
ídesme botar ao lume
sen miga de compaixón!

Mais como son xeneroso
e non quero que se queimen,
déixovos os meus recordos.
A ver para que vos serven!

E como non vos coñezo
pois forasteiro vos son:
Quen merece un agasallo?
Non sei quen si e quen non!

Déixovos todo o que teño,
collede o que prefirades.
Sodes a tripulación:
a ver se non pelexades!

Entre as miñas posesións
aprezo moito ao macaco.
Para min é como un fillo,
igual que o meu papagaio.

Ao que os queira e os coide
heillo de ter moito en conta:
mandareille unha fortuna
e unha vida moi longa!

Garfos, canóns, anteollos,
dentes de ouro, sombreiros,
patas de pao, parches de ollo,
cen pipotes de ron cheos...

Tres espadas e dous cintos
e panos para a cabeza,
unha bandeira pirata,
que, como vedes, é negra.

O máis valioso de todo:
o barco co que navego,
e se non vos gusta así,
pintádeo azul e amarelo.

Pensades que se me esquece
o que máis vos interesa:
aquele mapa do tesouro
que tiña na miña mesa!

Non é así, bucaneiros;
mais déixovolo agochado,
atoparédolo un día
polo Feal enterrado.

E agora toca ser malo,
antes de arder, rir un pouco.
Que vos parece, rapaces,
se me meto con vosoutros?

Primeiro tócalle a Gela,
que foi ao Cifras e Letras,
a contarlles que cos gatos
non quere ter moitas festas.

Oínvos cantando antes:
como ouveades, canallas!
Eu quixera ver que o rei
vos di: "¿Por que no te callas?"

Xa vexo que presumides
coa páxina web do Feal.
Despois de tanto agasallo,
tédesme alí que colgar.

En parte voume feliz
porque hai demasiados cambios:
os prezos van polas nubes,
e todos se andan queixando.

O último que vos digo
antes xusto de marchar:
gozade con estas festas!
pasade un bo carnaval!

* Grazas a Estefanía Castro pola axuda na
realización deste Manifesto.

Os que se van...



1. Gela Ruiz-Matas
2. Jaime López
3. Marta CUBEIRO
4. Tere Rubio
5. Vicente Suárez
6. María Yáñez

?

**e non nos
podemos
esquecer...**

No número anterior de A Tribo quedounos
pendente unha pequena homenaxe á
limpadora máis veterana que tiñamos no
Feal: a nosa querida Fina xubilouse ao
remate do curso pasado despois de vinte
anos no centro e recentemente
conseguimos esta foto que se fixera o 22
de xuño de 2007. Grazas por todo Fina.



autorretratos



Daniel: O axudante de comercio

Estudo
Garantía Social – axudante de comercio – no CPI do Feal e fago as prácticas en Alcampo – Ferrol.

O meu traballo consiste en: recoller as perchas da roupa, as carcacas grandes e as de 070, repoñer os rolos dos tickets, recoller as alarmas de pinchos e as chapas da compra. Tamén teño que repoñer as augas, as carcacas dos cds e dvds, videoxogos...e colocar a publicidade de Alcampo na entrada.

Levo un carro para recoller as carcacas e noutro carro levo as alarmas, que as separo en tres bolsas. Os rolos

de tickets lévoos nun cubo e reparto dous rolos por caixa. Alí recollo as perchas que se acumulan. Todo o que recollo teño que levalo para o almacén.

Os martes e mércores fago un descanso de dez minutos e tomo un zume ou unha barriña de chocolate. Ás veces non teño descanso porque vou a "Teima" - a asociación de síndrome de Down -.

Se quero, podo ir ó Rick-Rock a beber auga e teño un compartimento no vestiario para cambiarme.

O que máis me gusta do meu traballo e recoller as cestas e as alarmas.

Levome ben cos meus compañeiros de traballo e os saúdo cando chego e eles saúdanme a min. Estou moi contento en Alcampo, os xefes cáenme ben e están contentos comigo. Quero traballar e gañar diñeiro.

Na clase fago o que me manda Nieves: "os currículums". Con Maria tamén fago un montón de cousas e fago informática con Víctor e Conchi. Pásoo moi ben en clase e estou moi contento de ir.

Doulle as grazas ós meus profes e cunha aberta me despido.

Daniel Temprano Fernández



